

15 Junio de 2015 - Revista 1025

Revista Semanal

da Rede Galega de Información Xuvenil



xuventude.net

EN PORTADA / 2

NOVAS FORMACION / 5

NOVAS DE EMPREGO / 7

EN PORTADA ➔ NOVAS E ACTIVIDADES

Convocadas 23 prazas de persoal laboral temporal no Concello de Porto do Son (A Coruña)

Martes, 09 Xuño 2015 12:37

As prazas convocadas son: **12 de peón, 4 de capataces, 2 de auxiliar de turismo, 2 de peóns, 1 de oficial de segunda, 1 de peón de brigada e 1 de auxiliar de axuda no fogar.**

O **prazo** de presentación de solicitudes é de **5 días hábiles**, contados a partir da publicación deste anuncio o **9 de xuño** no Correo Gallego. As bases están nas oficinas do Concello.

I Marcha Fotográfica: Monte Louro

Mercres, 10 Xuño 2015 08:17



A **Fundación USC Deportiva** organizará o vindeiro **4 de xullo**, xunto co **Servizo de Deportes da USC**, unha marcha fotográfica, actividade que mestura sendeirismo e fotografía a través da cal as persoas que participen poderán compartir e probar os seus coñecementos fotográficos, ademais de poder consultarlle todas as dúbidas que lles xurdan ao fotógrafo profesional que os acompañará na ruta.

A actividade estará dirixida polo fotógrafo *Andrés Fraga*, profesor de *Fotografía Contemporánea na Facultade de Xornalismo da USC* ademais de contar con máis de 10 anos de experiencia como profesional e de ter traballado para *El País* así como para varias publicacións estranxeiras.

O custo da marcha é de 38 € e as prazas son limitadas (máximo 25 participantes) polo que se recomenda realizar a reserva de praza o antes posible xa que se respetará rigorosamente a orde de inscrición para a súa adxudicación.

A marcha está aberta a calquera persoa independentemente do nivel fotográfico que teña e do que equipo que leve. Tentarase que todo o mundo aprenda a sacarlle o máximo partido ao seu equipo e que todos volvan sabendo algo máis sobre a fotografía de natureza.

A duración total da actividade será en torno a 8 horas e terá lugar na zona de monte Louro, *lagoa de Xalfas e praia do Acoradoiro*.

Máis información: <http://fundacionuscdeportiva.org>

Axudas a proxectos ou programas que desenvolvan os Concellos en materia de Xuventude

Mercres, 10 Xuño 2015 10:07



Ábrese o prazo para a convocatoria de axudas a proxectos ou programas de actuación que desenvolvan as **Corporacións Locais** en materia de **Xuventude** durante o presente ano 2015.

A convocatoria enmárcase no convenio suscrito o pasado 7 de maio entre o **INJUVE** e a **FEMP**, que canaliza a subvención prevista nos **Presupostos Xerais do Estado** para as actuacións dirixidas aos mozos no ámbito local.

O total destinado a estas axudas ascende a 180.000 €, que serán distribuídos en función da poboación dos municipios cuxos proxectos sexan seleccionados.

Trátase dunha convocatoria de axudas para o financiamento dos proxectos ou programas planificadas ao desenvolvidas polas *Corporacións Locais*, dende o **1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2015**, cuxa finalidade sexa a promoción do emprego e o emprendimiento xuvenil mediante o desenvolvemento de proxectos ou programas de actuación que fomenten as oportunidades de emprego, autoemprego e iniciativas empresariais para os e as mozas no ámbito local, mediante actividades de orientación profesional e sociolaboral, asesoramento para a posta en práctica de ideas emprendedoras e proxectos empresariais e/ou educación, formación e capacitación para o desenvolvemento profesional e o emprendimiento xuvenil.

En especial, financiásen se aqueles proxectos ou programas que teñan por obxecto:

- O apoio a proxectos de modernización e uso das novas tecnoloxías como facilitadores da busca de emprego e a creación de empresas.
- O apoio a proxectos de recuperación da Cultura e o Patrimonio local, en todas as súas vertentes.
- O apoio a proxectos que xeren emprego a través da prestación de servizos de atención a maiores e ás persoas dependentes.
- O apoio a proxectos de conservación do medio.

O **prazo** da convocatoria para a presentación de solicitudes estará aberto ata o 3 de xullo de 2015.

As **Entidades Locais** que concorran a esta convocatoria deberán cumprir o formulario que a **FEMP** puxo á súa disposición e que terán que remitir, xunto co proxecto ou programa de actuación, á **Secretaría da Comisión de Deportes, Xuventude e Ocio desta Federación**. A ficha de solicitude, coa denominación de Anexo I, encóntrase publicada en www.femp.es

Máis información:

FEMP
Teléfono: 913 643 700
convocatoria.juventud@femp.es
www.femp.es

Premios extraordinarios de Bacharelato

Xoves, 11 Xuño 2015 07:29



A **Consellería de Cultura e Educación** convoca premios extraordinarios de bacharelato para o alumnado que finalizase os estudos de bacharelato no **curso 2014-2015** nun centro docente da **Comunidade Autónoma de Galicia**.

Requisitos:

- a) Ter rematados os estudos de bacharelato no curso 2014-2015 nun centro docente da Comunidade Autónoma de Galicia, ben na modalidade presencial ou na modalidade á distancia e ser proposto para o título na convocatoria ordinaria do dito curso.
- b) Ter obtido unha cualificación final media nos dous cursos de bacharelato igual ou superior a 8,75.

Poderanse conceder un máximo de 20 premios extraordinarios.

Cada premio estará dotado con 1.000 €

O alumnado que obteña o premio extraordinario recibirá, ademais da contía económica, un diploma acreditativo e o/a secretario/a do centro público onde estea depositado o expediente académico anotaralle nel a distinción.

Os/as alumnos/as que obteñan o premio extraordinario de bacharelato poderán concorrer, logo de inscrición, ao correspondente premio nacional.

O **prazo** para presentar solicitudes estará aberto ata o **11 de xullo de 2015** e pode tramitarse en <https://sede.xunta.es> co procedemento **ED311A**.

Máis información no DOG do 11 de xuño de 2015 e en www.edu.xunta.es/premiosbac

Programa de mobilidade transnacional xuvenil (Galeuropa)

Luns, 15 Xuño 2015 07:12



A **Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado** convoca axudas para proxectos de mobilidade transnacional dirixido a mozos e mozas menores de 25 anos, ou menores de 30 se teñen un grao de discapacidade igual ou superior ao 33 %. para a realización de prácticas formativas non remuneradas en entidades/empresas públicas ou privadas de países europeos.

Modalidades:

- Axudas individuais de mobilidade transnacional, concedidas directamente pola *Consellería de Traballo e Benestar* á mocidade galega.
- Axudas a proxectos de mobilidade transnacional presentados por entidades sen ánimo de lucro de Galicia.
- Axudas para proxectos de mobilidade transnacional presentados por concellos

Requisitos:

1. Estar inscritos/as no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil no ámbito da *Comunidade Autónoma de Galicia*.
2. Ter menos de 25 anos, ou menos de 30 se teñen un grao de discapacidade igual ou superior ao 33 %. O requisito de idade debe cumprirse no momento de solicitar a inscrición no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil.
3. Non ter traballado nos trinta días naturais anteriores ao momento de recibir a actuación.
4. Non ter recibido accións educativas que comporten máis de corenta horas mensuais nos noventa días naturais anteriores ao momento de recibir a actuación.
5. Non ter recibido accións formativas que comporten máis de corenta horas mensuais nos trinta días naturais anteriores ao momento de recibir a actuación.

Procedementos: poden tramitarse en <https://sede.xunta.es> cos seguintes códigos:

- BS324A:** axudas individuais de mobilidade transnacional, concedidas directamente pola *Consellería de Traballo e Benestar* á mocidade galega.
- BS324B:** axudas a proxectos de mobilidade transnacional presentados por entidades sen ánimo de lucro, con sede permanente ou domicilio social en Galicia que desenvolvan actividades no eido da xuventude.

BS324C: axudas para proxectos de mobilidade transnacional presentados por concellos, mancomunidades, agrupacións ou fusiões de concellos.

O prazo para presentar solicitudes estará aberto ata o **15 de xullo de 2015**

O período de realización das prácticas formativas non retribuídas abarcará desde o día seguinte á publicación da resolución de beneficiarios/as das axudas ata a data límite do **30 de novembro de 2015**.

As horas formativas terán unha duración mínima de **100 horas mensuais**. Estas horas deberán acreditarse mediante unha proba documental de asistencia diaria ás prácticas formativas non remuneradas.

A duración das prácticas (agás causa de forza maior debidamente acreditada) será:

- Nas axudas individuais á mocidade: 2 meses consecutivos.
- Nas axudas a proxectos presentados por entidades: mínimo 2 meses e máximo 3 meses consecutivos.

Contía das axudas:

1. 1. APOIO Á ORGANIZACIÓN E EXECUCIÓN DA MOBILIDADE (só para entidades)

Custos subvencionables	Mecanismo financiamento	Importe	Norma de asignación
A) Apoio a aspectos organizativos	Custos unitarios	350 euros por participante	Baseada no número de participantes na mobilidade
B) Apoio a necesidades especiais	Custos unitarios	200 euros adicionais por participante discapacitado/a	Condición: a petición de apoio financeiro se deberá motivar na solicitude
C) Apoio á execución do proxecto	Parte dos custos subvencionables	100% dos gastos realizados ata un máximo de 5.000 euros	Condición: a petición de apoio financeiro se deberá motivar na solicitude

1. 2. GASTOS DE VIAXE (ida e volta) de cada participante na mobilidade

Pais	Contía	Pais	Contía	Pais	Contía
Alemaña	275€	Francia	275€	Noruega	360€
Austria	360€	Grecia	360€	P. Baixos	275€
Bélxica	275€	Hungría	360€	Polonia	360€
Bulgaria	360€	Irlanda	275€	Portugal	180€
Chipre	530€	Islandia	360€	*Azores e Madeira	*275€
Croacia	275€	Italia	275€	R. Checa	275€

Dinamarca	360€	Letonia	360€	R. Unido	275€
Eslovaquia	360€	Liechtenstein	275€	Romanía	360€
Eslovenia	275€	Lituania	360€	Suecia	360€
Estonia	360€	Luxemburgo	275€	Turquía	530€
Finlandia	360€	Malta	360€		

1. 3. ALOXAMENTO E MANUTENCIÓN

PAÍSES	Custo Mes/Participante	Custo Día/Participante	PAÍSES	Custo Mes/ Participante	Custo Día/Participante
ALEMAÑA	1.226€	40,31€	ITALIA	1.350€	44,38€
AUSTRIA	1.278€	42,02€	LETONIA	920€	30,25€
BÉLXICA	1.200€	39,45€	LIECHTENSTEIN	1.444€	47,47€
BULGARIA	1.002€	32,94€	LITUANIA	906€	29,79€
CHIPRE	1.096€	36,03€	LUXEMBURGO	1.200€	39,45€
CROACIA	1.041€	34,98€	MALTA	1.088€	35,77€
DINAMARCA	1.654€	54,38€	NORUEGA	1.670€	54,90€
ESLOVAQUIA	1.058€	34,78€	P.BAIXOS	1.322€	43,46€
ESLOVENIA	1.042€	34,26€	POLONIA	1.320€	43,40€
ESTONIA	954€	31,36€	PORTUGAL	1.102€	36,23€
FINLANDIA	1.400€	46,03€	R.CHECA	1.024€	33,67€
FRANCIA	1.418€	46,62€	R.UNIDO	1.672€	54,97€
GRECIA	1.120€	36,82€	ROMANIA	1.008€	33,14€
HUNGRÍA	914€	30,05€	SUECIA	1.378€	45,30€
IRLANDA	1.464€	48,13€	TURQUÍA	896€	29,46€
ISLANDIA	1.376€	45,24€			

1. 4. APOIO LINGÜÍSTICO

Mecanismo financiamento	Importe	Norma de asignación
Custos unitarios por participante	150 euros	Condición: as persoas /entidades solicitantes deberán solicitar o apoio lingüístico na lingua necesaria para a mobilidade

1. 5. GASTOS EXCEPCIONAIS

Mecanismo de financiamento	Importe	Norma de asignación
Parte dos custos subvencionables	100% do gasto at o máximo de 150€	Condición: a petición de apoio financeiro para cubrir gastos excepcionais deberase motivar na solicitude

Máis información:

Para axudas individuais de mobilidade, galeuropain-garantiaxuvenil@xunta.es
Para axudas a proxectos de mobilidade, galeuropapr-garantiaxuvenil@xunta.es

DOG do 15 de xuño de 2015

NOVAS FORMACION

CURSOS DA DXXV

Curso de Mediación educativa en conflitos xuvenís

Luns, 15 Xuño 2015 00:00



A Dirección Xeral de Xuventude convoca o **curso de Mediación educativa en conflitos xuvenís**.

Finalidade: Facilitar o coñecemento e análise dos elementos necesarios para identificar e previr os factores que inflúen na orixe e desenvolvemento dos conflitos xuvenís.

Destinatarios/as: Persoal da Rede Galega de Información e Documentación Xuvenil, mocidade de 18 a 30 anos e outras persoas interesadas na temática do curso.

Número de horas: 25

Número de prazas: 50

Contidos:

O conflito como proceso e oportunidade para o cambio
Educar para a convivencia e prevención de conflitos
Comprender e analizar as situacións de conflito

A mediación educativa como extratexia na abordaxe de conflitos
Proxectos de mediación no ámbito educativo

Modalidade: A distancia.

Data de inscrición: Do 15 so 30 de xuño de 2015.

Data prevista de realización: Do 6 de xullo ao 8 de setembro de 2015.

Información.

Centro Coordinador de Información e Documentación Xuvenil
Telefono: 881 997 604 / 881 997 607
Correo electrónico para información xeral: oixuventude.traballo@xunta.es

NOVAS FORMACION

OUTROS CURSOS

Cursos Inglés e Italiano- Centro de Linguas: verán 2015- Campus Pontevedra

Luns, 15 Xuño 2015 11:33

CURSO INTENSIVO INGLÉS B1- XULLO

Impartido na Escola de Enxeñaría Forestal 80 horas- EXAME INCLUIDO

Calendario: 1 ao 28 xullo.

Horario: 09:30 -14:00

CURSO INTENSIVO INGLÉS B2- XULLO

Impartido na Escola de Enxeñaría Forestal 80 horas- EXAME INCLUIDO

Calendario: 1 ao 28 xullo **Horario:** 09:30 -14:00

CURSO ITALIANO PARA ERASMUS E OUTROS INTERESADOS NIVEL A1

Impartido na Escola de Enxeñaría Forestal 60 horas- EXAME INCLUIDO

Calendario: 22 xuño ao 10 xullo

Horario: 09:30 -14:00

MATRICÚLATE: <http://centrodelinguas.fundacionuvigo.es>

Centro de Linguas Universidade de Vigo

Telf. +34 986 81 22 50 Fax. +34 986 81 86 49

e-mail: centrodelinguas@uvigo.es

Enlace do aviso Web do/a Centro de Linguas (CDL)

Información de contacto Centro de Linguas (CDL)

Facultad de Filología y Traducción Campus Universitario

36310 Vigo (Pontevedra) - España

email: centrodelinguas@uvigo.es

Teléfono: 986 812 250

Web: <http://cdl.uvigo.es/index.php?idioma=es>

Cursos Italiano e Portugués- Centro de Linguas: verán 2015- Campus Vigo

Luns, 15 Xuño 2015 11:40

CURSO DE ITALIANO PARA ERASMUS E OUTROS INTERESADOS NIVEL A1

Impartido na Escola de Estudos Empresariais-Torrecedeira 60 horas- EXAME INCLUIDO

Calendario: 22 xuño-10 xullo

Horario: 09.30-14.00

CURSO DE ITALIANO PARA ERASMUS E OUTROS INTERESADOS NIVEL A2

Impartido na Escola de Estudos Empresariais-Torrecedeira 60 horas- EXAME INCLUIDO

Calendario: 13-31 xullo **Horario:** 09.30-14.00

CURSO DE PORTUGUÉS PARA ERASMUS E OUTROS INTERESADOS NIVEL A2

Impartido na Escola de Estudos Empresariais-Torrecedeira 40 horas- EXAME INCLUIDO

Calendario: 29 xuño-10 xullo

Horario: 09.30-14.00

CURSO DE PORTUGUÉS PARA ERASMUS E OUTROS INTERESADOS NIVEL B1

Impartido na Escola de Estudos Empresariais-Torrecedeira 40 horas- EXAME INCLUIDO

Calendario: Grupo 1: 15-26 xuño

Horario: 09.30-14.00

Grupo 2: 13-24 xullo

Horario: 09.30-14.00

MATRICÚLATE: <http://centrodelinguas.fundacionuvigo.es>

Centro de Linguas Universidade de Vigo

Telf. +34 986 81 22 50 Fax. +34 986 81 86 49

e-mail: centrodelinguas@uvigo.es

Enlace do aviso Web do/a Centro de Linguas (CDL)

Información de contacto Centro de Linguas (CDL)

Facultad de Filología y Traducción Campus Universitario 36310 Vigo (Pontevedra) - España

email: centrodelinguas@uvigo.es

Teléfono: 986 812 250

Web: <http://cdl.uvigo.es/index.php?idioma=es>

NOVAS FORMACION

CURSOS DE TEMPO LIBRE

Curso de monitor de actividades de tempo libre en Vigo

Martes, 09 Xuño 2015 14:06



A Escola de Tempo Libre e Animación Sociocultural Don Bosco organiza un curso de monitor de actividades de tempo libre en Vigo.

Datas: Do 29 de xuño ao 24 de xullo de 2015.

Horario: De 9:00 a 14:00 e de 16:00 a 21:00 horas

Lugar: Centro Xuvenil Abertal. R/Venezuela 3

Máis información na Escola de Tempo Libre e Animación Sociocultural Don Bosco.

Teléfono 986 225 662
www.abertal.org

Curso de Director de actividades de tempo libre en Vigo

Martes, 09 Xuño 2015 14:08



A Escola de Tempo Libre e Animación Sociocultural Don Bosco organiza un curso de Director de actividades de tempo libre en Vigo.

Datas: Do 29 de xuño ao 17 de xullo de 2015

Horario: De 9:00 a 14:00 e de 16:00 a 21:00 horas

Lugar: Centro Xuvenil Abertal. R/Venezuela 3

Máis información na Escola de Tempo Libre e Animación Sociocultural Don Bosco.

Teléfono 986 225 662 www.abertal.org

NOVAS DE EMPREGO

EMPREGO PUBLICO

Auxiliar de axuda no fogar para a Gudiña

Mercores, 10 Xuño 2015 08:15

O Concello da Gudiña necesita contratar un/ha auxiliar de axuda no fogar.

O prazo de solicitude de prazas estará aberto ata o 16 de xuño de 2015.

Máis información no BOP de Ourense do 10 de xuño de 2015 e na **OMIX da Gudiña**, teléfono 988 594 006.

PRÁCTICAS remuneradas 2016 NO CONSELLO DA UNIÓN EUROPEA

Luns, 15 Xuño 2015 11:22

Estas prácticas remuneradas, están dirixidas a **estudantes e titulados/as de universidades**.

O prazo de presentación de solicitudes é ata o **31 de agosto**.

Máis información: <http://www.consilium.europa.eu/es/general-secretariat/jobs/traineeships/apply-now/>

Traballar en Organizacións Internacionais

Luns, 15 Xuño 2015 11:24

Desenvolver unha carreira profesional nas organizacións internacionais significa, ante todo, unha opción profesional ambiciosa e esixente que require contar cunha sólida preparación xeral e unha boa especialización, ademais dunha actitude persoal de compromiso ético e político cos valores compartidos pola comunidade internacional e promovidos polas OOII.

Os anuncios que atoparéis nas páxinas de internet das OOII especifican a data do anuncio, número de referencia da vacante, prazo para a presentación de candidaturas, unidade interna que fai a oferta, duración do contrato, lugar de traballo, grado e retribución, descrición do posto, requisitos das candidaturas (titulación, experiencia, idiomas, ...).

O impreso ou formulario de solicitude cumprimentado se remitirá habitualmente por sistema electrónico (online).

A páxina web da **Unidade de Funcionarios Internacionais do MAEC** contén unha información orientativa, non exhaustiva, destes organismos que poden convocar vacantes.

Lembra que é imprescindible consultar sempre a páxina oficial da entidade convocante das prazas (preme no seguinte enlace para consultar este listado).

<http://www.exteriores.gob.es/Portal/es/ServiciosAlCiudadano/OportunidadesProfesionalesFormacion/OportunidadesProfesionales/organizacionesinternacionales/Documents/Internships.pdf>

Convocadas 17 prazas de Titulados de Escolas Técnicas de Grao Medio

Luns, 15 Xuño 2015 11:25

O **Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación**, convoca estas prazas polo sistema de oposición.

O **prazo** de presentación de solicitudes é de **20 días naturais**, contados a partir da publicación no BOE.

Máis información BOE do 12 de xuño de 2015. www.boe.es

Convocada 1 praza temporal para licenciado en Administración e Dirección empresas

Luns, 15 Xuño 2015 11:27

A **Universidade da Coruña**, convoca esta praza temporal (12 meses), como colaborador en proxectos de investigación.

O **prazo** de presentación de solicitudes é de **10 días**, desde a publicación o **10 de xuño** na páxina www.udc.es

Convocadas 3 prazas temporais na Facultade de Ciencias da UDC

Luns, 15 Xuño 2015 11:28

As prazas convocadas son: **1 licenciado en Bioloxía ou Química (5 meses)**, **1 FPII e 1 para Bachelato, FPII etc.**

O **prazo** de presentación de solicitudes é de **10 días** desde a publicación na páxina www.udc.es, as dúas primeiras o **11 de xuño** e a última o **12 de xuño**.

Convocadas 5 prazas do Corpo de Enxeñeiros Xeógrafos

Luns, 15 Xuño 2015 11:29

O **Ministerio de Fomento**, convoca estas **5 prazas polo sistema de oposición**.

O **prazo** de presentación de solicitudes é de **20 días naturais**, contados a partir da publicación no BOE.

Máis información BOE do 15 de xuño de 2015. www.boe.es

Convocadas 5 prazas da Escala de Técnicos Facultativos Superiores de Organismos Autónomos

Luns, 15 Xuño 2015 11:30

O **Ministerio de Fomento**, convoca estas **5 prazas**, polo sistema de oposición.

O **prazo** de presentación de solicitudes é de **20 días naturais**, contados a partir da publicación no BOE.

Máis información BOE do 15 de xuño de 2015. www.boe.es

Convocadas 20 prazas de policía local no Concello de Sta. Cruz de Tenerife

Luns, 15 Xuño 2015 11:31

As prazas son convocadas polo sistema de oposición.

O **prazo** de presentación de solicitudes é de **20 días naturais**, contados a partir da publicación no BOE o **15 de xuño de 2015**.

www.boe.es

Convocada bolsa de profesores e maestros en Castilla-La Mancha

Luns, 15 Xuño 2015 11:32

A **Consellería de Educación de CLM**, convoca estas bolsas para profesores de EOI e artes escénicas, plásticas e deseño e maestros especialidades artes plásticas e deseño.

O **prazo** de presentación de solicitudes é ata o **24 de xuño de 2015**.

Máis información DOCLM do 9 de xuño de 2015.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR
Dirección Xeral de
Xuventude e Voluntariado



xuventude.net